



## CONCELLO DE BUEU

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)  
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400J. Rex. E.111

### **A CULTURA NON SE CONFINA, NOVO SERVIZO A DOMICILIO**

A Rede de Bibliotecas do Concello de Bueu ofrece un novo servizo de reparto a domicilio de libros ou DVDs para as persoas que se atopen nunha situación de confinamento domiciliario por mor da Covid-19. Estaremos encantados de achegar as demandas aos vosos domicilios.

**Requisitos** a cumprir polas persoas solicitantes: ser residente no Concello de Bueu e estar inscrito/a como socio/a na Rede de Bibliotecas de Galicia. Que aínda non formas parte? Na nosa web atoparás un formulario para tramitar de balde o carné de lector ou lectora, ou ben se che é máis cómodo, podes facelo a través dunha chamada telefónica ao 986 32 31 40 de luns a venres (10-13h. / 16-20h.).

A ter en conta:

- Unha vez rexistrado/a, e coas túas claves, xa podes acceder ao préstamo de obras en formato electrónico en galego ou en castelán premendo na icona correspondente a través de GALICIA LE: <https://www.galicia.le.gal/>
- Consulta os libros en préstamo dispoñibles nos nosos centros a través do CATÁLOGO BIBLIOTECAS: <https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/>
- A maiores, e grazas á doazón do CineClub Bueu, dispoñemos de máis de 500 filmes en formato DVD para os amantes do sétimo arte co mellor do cine independente e clásicos de directores como Pasolini, Kubrick ou Ken Loach que non atoparás nas grandes plataformas.
- As peticións realizaranse de luns a venres, mañá e tarde, no horario habitual da biblioteca.
- Atención personalizada, con recomendacións, nas vosas consultas a través do teléfono 986323140 ou no correo: [bibliotecacentralbueu@concellodebueu.gal](mailto:bibliotecacentralbueu@concellodebueu.gal). Estamos á vosa disposición para resolver calquera dúbida que poida xurdir.

\*Os datos que deben aportar na SOLICITUDE da rede de Bibliotecas de Galicia son:

Nome e apelidos:

NIF/NIE:

Data de nacemento:

(se a persoa é menor de 14 anos, tamén o Nome Apelidos e NIF/ NIE da nai, pai ou titor legal)

Enderezo:

Teléfono:

Enderezo electrónico: